

Lei 12/1991, do 14 de novembro, de traballos de dotación artística nas obras públicas e nos camiños de Santiago da Comunidade Autónoma de Galicia

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 123, do 12.3.1991.

Emendas, BOPG núm. 150, do 29.5.1991.

Debate de totalidade, DSPG núm. 75, do 26.6.1991.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 186, do 2.10.1991.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 192, do 14.10.1991.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 192, do 14.10.1991.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 85, do 22.10.1991.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 207, do 8.11.1991.

Diario Oficial de Galicia núm. 229, do 26.11.1991.

Boletín Oficial del Estado núm. 3, do 3.1.1992.

Lei 12/1991, do 14 de novembro, de traballos de dotación artística nas obras públicas e nos camiños de Santiago da Comunidade Autónoma de Galicia

Galicia, nacionalidade histórica, é unha das comunidades autónomas que conta cunha riqueza histórico-monumental indiscutible, o que demostra unha gran sensibilidade cultural ó longo da súa existencia.

Dentro de Galicia, Santiago de Compostela constitúe o remate do primeiro camiño cultural de Europa, cunha influencia contrastada pola propia historia na configuración da conciencia europea.

Estes feitos aconsellan promover desde o Goberno de Galicia accións tendentes ó mantemento do patrimonio cultural e mais á revitalización dos camiños de Santiago, e a tales propósitos obedece esta lei.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de traballos de dotación artística nas obras públicas e nos camiños de Santiago da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 1

No presuposto dos proxectos técnicos das obras que acometa a Xunta ou calquera entidade pública dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, cando o mesmo sexa financiado total ou parcialmente con fondos da propia Comunidade Autónoma, comprenderase unha porcentaxe para traballos artísticos, de decoración, embelecemento, dotación de obras de arte, conservación ou restauración destas ou do seu contorno, ou ben para a revitalización conveniente no percorrido e na zona de influencia dos camiños de Santiago.

Artigo 2

O disposto no artigo anterior seralles así mesmo aplicable ós proxectos de obras públicas que se executen dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia baixo o réxime de concesión administrativa e que afecten a bens dos que lle corresponda á propia Comunidade a súa xestión ou titularidade.

Artigo 3

Quedan exceptuadas do réxime previsto nos artigos anteriores as

obras que de seu cumpran funcións integradoras de manifestacións artísticas ou culturais, as derivadas da execución dos plans de investimentos xacobeos e aquelas outras que non superen un presuposto de vinte millóns de pesetas.

Artigo 4

1. A contía á que alude o artigo 1 será do dous por cento dos fondos de aportación da Comunidade Autónoma.

2. Un cuarto da citada porcentaxe destinarase á dotación artística da obra na que se xera; outro cuarto destinarase á Consellería de Cultura e Xuventude, para a restauración dos monumentos ubicados nos tramos galegos dos camiños de Santiago; e a metade restante destinarase á Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno, para o financiamento investidor do Plan Xacobeo-93.

Artigo 5

No proxecto de cada obra pública deberá figura-la determinación do tipo e a natureza dos traballos artísticos que se vaian realizar segundo o disposto no artigo 1, e sinalarase, se é o caso, o seu emprazamento.

Artigo 6

A Xunta de Galicia creará por decreto unha Comisión, da que formarán parte, entre outros, un representante do Consello da Cultura Galega e, en cada caso, o téc-

nico autor do proxecto de que se trate.

Esta Comisión será a encargada de propoñerlles ós titulares das entidades que teñan que ordena-la execución do proxecto o artista ou os artistas que deban realiza-las obras ás que se refiren os artigos 1 e 2. Semestralmente, a Comisión enviaralle un informe ó Parlamento sobre a súa actividade e resultados.

Artigo 7

Nos traballos a que se refiren os artigos 1 e 2 terase en conta a promoción dos valores e dos artistas galegos, nun marco de libre concorrència e igual participación.

Artigo 8

As obras que se executen cos fondos previstos nesta lei gozarán da cualificación de interese social, para os efectos da aplicación da lexislación de expropiación forzosa e do beneficio de urxente ocupación dos bens afectados.

Artigo 9

Semestralmente, a Xunta de Galicia comunicarlle ó Parlamento de Galicia as obras realizadas ó amparo desta lei.

Disposición adicional primeira

Autorízase á Xunta de Galicia para o desenvolvemento regulamentario desta lei.

Disposición adicional segunda

A Consellería de Economía e Facenda establecerá os mecanismos axeitados para a efectividade e o cumprimento do previsto no artigo 4 da presente lei.

Disposición transitoria primeira

Mentres dure a execución do Plan Xacobeo-93, os fondos establecidos no artigo 4 destinaranse na súa metade á Consellería de Cultura e Xuventude, para a restauración de monumentos nos camiños de Santiago, e a outra metade á Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno, para os investimentos do devandito plan.

Disposición transitoria segunda

Durante a vixencia do disposto na disposición transitoria primeira, quedará en suspenso a aplica-

ción dos artigos 5 e 6 e das disposicións concordantes, e autorízase á Xunta de Galicia a realizar, de xeito global e anticipadamente, a detracción do dous por cento que contempla o artigo 4.

Disposición derogatoria

Queda derogada a Lei 11/84, do 11 de decembro, e cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan á presente lei.

Disposición derradeira

A presente lei entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 1991

Manuel Fraga Iribarne
Presidente